

COMPRA PÚBLICA INNOVADORA

O vanguardista modelo de compra pública innovadora promovido polo Sergas foi pionero no seu momento en España e é na actualidade un **referente a nivel europeo**.

A aposta por esta fórmula baséase nos importantes beneficios tanto para o Sistema Galego de Saúde como para o tecido empresarial:

- **Mellora dos servizos públicos sanitarios** a través da incorporación de bens ou servizos innovadores.
- **Fomento da innovación empresarial**, principalmente das pequenas e medianas empresas.
- **Pulo á internacionalización e comercialización** da innovación, empregando o mercado público local como cliente de lanzamento ou referencia.

As iniciativas **InnovaSaúde e Hospital 2050 (H2050)** son casos de éxito recoñecidos de pulo á innovación dende a administración co obxectivo combinado de dinamizar o mercado e de mellorar a prestación de servizos públicos, tanto na modalidade de compra pública precomercial como na de compra pública de tecnoloxías innovadoras. Co aval do coñecemento e a experiencia acumulados grazas a estas dúas iniciativas, o Servizo Galego de Saúde, a través da Axencia Galega de Coñecemento en Saúde, continúa o compromiso con ambiciosos proxectos como **Código100, INNOVATRIAL** e outros, nos que están chamados a participar todos os axentes interesados en formar parte do futuro da sanidade galega.

PREMIADOS

Os primeiros recoñecementos chegaron da man dos proxectos InnovaSaúde e Hospital 2050 co **2º Premio Europeo de Compra Pública Innovadora** (Procurement of Innovation Award 2015) da Comisión Europea e o **Premio Nacional de Innovación 2013, na modalidade de Compra Pública Innovadora**.

No 2021, o Servizo Galego de Saúde logra ser **gañador dos I Premios Europeos á Contratación Pública de Innovación do Consello Europeo de Innovación (EIC)** nunha candidatura na que se recolle a aposta da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde pola compra pública innovadora con proxectos como H2050, InnovaSaúde, Código100, INNOVATRIAL, **Innova MicroLab** ou **LABSAÚDE** -o primeiro living lab de saúde do Sergas no Hospital Universitario de Ourense-. Ademais a candidatura inclúe o recoñecemento de Galicia como unha das **rexións de referencia europea** no desenvolvemento, a adopción e escalado de prácticas innovadoras para un envellecemento activo e saudable.

PREMIOS

Premio Nacional de Innovación 2013, na modalidade de Compra Pública Innovadora

A Comisión Europea concede unha mención honorífica ao Sergas polos seus programas de innovación Hospital 2050 e InnovaSaúde 2015

Amparo Poch - Mellor Iniciativa de Compra Pública de Innovación en Saúde 2019

Amparo Poch - Mellor Compra Pública de Innovación en Saúde 2019

Código 100 seleccionado nos 2020 Procura + Awards

Premio da Fundación Tecnoloxía e Saúde á Mellor Innovación Tecnolóxica en Saúde Impulsada por unha Comunidade Autónoma 2020

I premios europeos á contratación pública de innovación 2021 - Consello Europeo de Innovación (EIC)

PRECISAÚDE >

Innova MicroLab >

INNOVATRIAL >

Código 100



InnovaSaúde e H2050



Living Lab de Compra Pública de Innovación do CSIC



II premios Ruta
CPI foro
iberoamericano -
Asociación para a
Innovación en
Código 100

CONTIDOS RELACIONADOS

Resolución 27 de
maio 2019
convocatoria de
manifestación de
interese do CDTI

GUÍAS / MANUAIS

Boas prácticas e
leccións
aprendidas H2050
e InnovaSaúde

Guía práctica de
consultas
preliminares ao
mercado
Código100

Xornada de
formación en
Compra Pública
Innovadora

Guía práctica de
execución de
proxectos de CPI
en saúde - Innova
MicroLab

PROXECTOS EUROPEOS COA TEMÁTICA EN CPI

EMPATTICS

TITTAN

Regions4PerMed

Procure4Health

HERCULES